

O VERBO

FORMAS FINITAS

O **verbo** é unha categoría gramatical que expresa accións, procesos, acontecementos, fenómenos ou estados situados nun tempo, nun modo, nun número, nunha persoa e nunha voz concretos; varía en número, en persoa, en modo, en tempo e en aspecto e conforma o NÚCLda frase verbal en función de PRED, concordando en número e persoa co SUX.

1. CLASIFICACIÓN DO VERBO DENDE UN PUNTO DE VISTA MORFOLÓXICO (segundo os constituíntes)

- Segundo a vocal temática:

Verboda 1.ª conxugación (VT -a-)

Verboda 2.ª conxugación (VT -e-)

Verbo da 3.ª conxugación (VT -i-)

- Segundo a flexion

Verbo pleno: posúe toda a conxugación.

Verbo defectivo: a flexión non se produce en todos os tempos ou persoas.

- Segundo a raíz:

Verbo regular: o radical permanece inalterado en todos os tempos.

Verbo semirregular: o radical rexistra pequenas variacións no tema de presente

Verbo irregular: o radical presenta mudanzas nos temas de presente e de pretérito.

ANÁLISE MORFOIÓXICA

ESTRUTURA: Raíz+ Morfemas Afixos Flexivos (Vocal Temática + Morfema Modo e Tempo + Morfema Número e Persoa)

R+VT+MMT+MNP

Ex: Estabamos (Est raíz/a vocal temática/ ba morfema modo tempo/ mos morfema número e persoa.

ALOMORFOS DA VOCAL TEMÁTICA

	1ª conxugación	2ª conxugación	3ª conxugación
Indicativo			
Presente: P1 P2,P3eP6	-Ø-	-Ø-	-Ø- -e-
Copretérito		-i-	
Pretérito: P1 P2 P3	-e- -o-	-i- -i-	
Subxuntivo			
Presente	-Ø-	-Ø-	-Ø-
Imperativo: P2			-e-
Participio		-i-	

MORFEMAS MODO-TEMPO

Indicativo
Presente: Ø
Copretérito: -ba na primeira conxugación e -a na segunda e terceira
Pretérito: Ø
Antepretérito: -ra
Futuro: -re- (P1, P4 e P5) e -rá (P2, P3 e P6)
Pospretérito: -ría
Subxuntivo
Presente: -e na primeira conxugación e -a na segunda e terceira
Pretérito: -se
Futuro: -r (P1, P3, P4 e P5) e -re- (P2 e P6)
Imperativo: Ø
Infinitivo conxugado: -r (P1, P3, P4 e P5) e -re- (P2 e P6)

MORFEMA MODO-TEMPO

MODO VERBAL

1. **Indicativo:** presenta unha acción real, obxectiva, verosímil etc. que aconteceu, que está a acontecer ou que acontecerá.
2. **Subxuntivo:** indica unha situación irreal, non realizada, desexábel, posíbel, dubidosa etc.
3. **Imperativo:** expresa unha orde, un consello, unha petición ou un convite en enuncia- dos afirmativos; nos negativos úsase o presente do subxuntivo precedido de *non*.

TEMPO VERBAL

Apunta o momento en que transcorre a acción, que se pode situar no presente (momento en que se fala), no pasado ou pretérito (momento anterior) ou no futuro (momento posterior).

Tempos do modo indicativo

Presente: localiza no momento actual a acción expresada polo verbo, mais tamén unha acción atemporal, habitual, histórica...

Copretérito: designa unha acción inacabada, habitual, simultánea etc. anterior ao momento da enunciación.

Pretérito: indica unha acción xa concluída antes do momento da enunciación.

Antepretérito: sinala unha acción anterior a outra xa pasada, hipotética, desiderativa etc.

Futuro: expresa unha acción posterior ao momento da fala, unha dúbida, unha orde...

Pospretérito: pon de manifesto unha acción que pode ocorrer no presente ou no futuro.

Tempos do modo subjuntivo

Presente: expresa unha acción coincidente ou posterior ao momento da enunciación, un desexo, unha orde etc.

Pretérito: indica unha acción irreal que pode estar situada nun tempo pasado, presente ou futuro, ou ben un desexo.

Futuro: designa un acontecemento posíbel no futuro, cuxa realización condiciona outra acción futura.

Tempo do modo imperativo

Presente: expresa unha orde, unha prohibición ou un consello.

VALORES DOS TEMPOS DE INDICATIVO

Presente

-Acción coincidente co momento da enunciación: *David está na cociña facendo filloas.*

-Habitual: *Sara vai a clases de baile.*

-Permanente: *A auga ferve a 100º, Para quen non quere teño eu de sobra.* Expressa un valor atemporal con conceptos de validez xeral sen limitación no tempo, como asertos científicos, dogmas, refráns...

-Histórico ou narrativo: *No século XIX ten lugar o Rexurdimento.*

-Prospectivo (futuro): *Mañá chega a túa curmá no tren das sete.*

-Mandato: *Colles todo iso agora mesmo.*

-Intensificador: *Fala, fala e déronnos as dúas da mañá, Fala que fala e non chegamos a tempo.* É un uso impersoal que destaca a insistencia na realización da acción.

Copretérito

- Coincidencia cun tempo pasado: *Ao chegardes marchaban elas.*
- Habitual: *Antes comían carne, pero agora fixéronse vexetarianos.*
- Prospectivo: *Hai un ano que me dixo que casaban en abril.*
- De cortesía: *Quería saber onde está o aseo.*

Pretérito

- Anterior ao momento da enunciación: *Onte fixemos os deberes de matemáticas.*
- Mandato: *Tes que marchar, así que xa arranxaches todo.*
- Pretérito do futuro: *Es tan lento que cando lle vaias dar a volta ás patacas xa se queimaron.*
- Acción anterior a outra pasada: *Non dixo se trouxo (=trouxera) a bi- cicleta ou veu (=viñera) andando.*

Antepretérito

- **R**etrospección no pasado: *Cando comezou a chover xa gardamos as bicicletas.*
- Cortesía: *Quixera saber a súa idade.*
- Desiderativo: *Quen puidera ir de vacacións un ano enteiro!* Non debe confundirse este tempo co Pretérito de Subxuntivo. Só é posible a substitución neste tipo de oracións desiderativas: *Quen puidera/pui- dese ir de vacacións!*

Futuro

- Prospección: *Din que mañá irá bo tempo.*
- Obrigatoriedade: *Agora farás o que eu che digo.*
- Probabilidade: *De aquí a Viveiro haberá 19 quilómetros.*
- Cortesía: *Farame o arranxo para mañá?*
- **R**etrospectivo: *Despois do longo período dos Séculos Escuros chegará un momento de esplendor.*

Pospretérito

- Prospección desde o pasado: *Días despois da súa cita atoparíanse na rúa de forma casual.*
- Probabilidade no pasado: *Na manifestación habería unhas 20000 persoas.*
- Cortesía: *Podería levarmo á casa?*
- **R**etrospectivo: *O galego sería durante moito tempo lingua de cultura.*

VALORES DOS TEMPOS DE SUBXUNTIVO

O subxuntivo é o modo da irrealidade. Expressa dúbida, incerteza, posibilidade ou probabilidade desde un punto de vista subxectivo. Estes tempos adoitan aparecer en cláusulas dependentes (*Pode que o fagamos antes ca vós*), aínda que tamén poden aparecer en cláusulas simples que indiquen estes valores: *Oxalá o fagamos antes ca vós!*

Presente

Acción coincidente (*Quizais Manuel xa estea na casa*) ou posterior ao presente da enunciación (*Quizais ás 7 xa estea na casa*).

rogo, desexo, maldición ou exclamación: *O demo te leve!, Deus nos libre!*

Dúbida: *Posibelmente non o traian antes de decembro.*

Mandato: *Non me digas máis, Non fales tanto.*

Pretérito

En referencia a un pasado pode indicar anterioridade (*Nunca pensei que chegase antes ca nós*), coincidencia (*Parecía que quixese chover*) ou posterioridade (*Mandoulles que fixesen o peor traballo*).

Desexo: *Quen fose neno!*

Futuro

É un tempo de uso culto ou literario; a lingua habitual substitúeo polo presente ou pretérito de subxuntivo. Expressa unha acción probábel no futuro e adoita aparecer en cláusulas subordinadas ou dependentes: *Os que cometeren acto delituoso serán penados, As nais que traballaren e tiveren fillos menores de cinco anos, poderán reclamar a axuda.*

VALORES DO IMPERATIVO

Expressa ao mesmo tempo mandato e vontade do emisor. Só ten dúas persoas, a P2 e P5: *Come todo que chegamos tarde, Traede os discos para gravalos.* Para indicar este valor no resto das persoas utilízase o presente de subxuntivo: *Tráíame os discos que lle pedín, Dilles que o fagan canto antes.* Os mandatos tamén se poden indicar por medio do infinitivo: *Non fumar.* Á parte deste valor, presenta outros:

-Súplica ou consello: *Pasade, por favor; Consuma produtos galegos.*

Hipótese, semellante a unha construción condicional: *Fai o que che digo e descubrirás que é o mellor (= Se fas o que che digo descubrirás que é o mellor).*

MORFEMA DE NÚMERO E PERSOA

MORFEMAS NÚMERO- PERSOA

Persoa	Morfemas	Alomorfos
P1	∅	Presente de Indicativo: -o Pretérito de Indicativo: -i na primeira conjugación -n na segunda e terceira Futuro de Indicativo: -i
P2	-s	Pretérito de Indicativo: -ches Imperativo: ∅
P3	∅	Pretérito de Indicativo: -u
P4	-mos	
P5	-des	Pretérito de Indicativo: -stes Imperativo: -de
P6	-n	Pretérito de Indicativo: -ron

As nocións de número (singular ou plural) e de persoa gramatical (1.ª o que fala, 2.ª o que escoita e 3.ª do que se fala) transmitidas polo verbo exprésanse por medio de diferentes Morfemas de Número e Persoa. P1, P2, P3, P4, P5, P6.

CONXUGACIÓNS

Modo verbal	Tempo verbal	1.ª conjugación <i>andar</i>	2.ª conjugación <i>bater</i>	3.ª conjugación <i>partir</i>
Indicativo	Presente	<i>ando</i>	<i>bato</i>	<i>parto</i>
	Copretérito	<i>andaba</i>	<i>batía</i>	<i>partía</i>
	Pretérito	<i>andei</i>	<i>batín</i>	<i>partín</i>
	Antepretérito	<i>andara</i>	<i>batera</i>	<i>partira</i>
	Futuro	<i>andarei</i>	<i>baterei</i>	<i>partirei</i>
	Pospretérito	<i>andaría</i>	<i>batería</i>	<i>partiría</i>
Subxuntivo	Presente	<i>ande</i>	<i>bata</i>	<i>parta</i>
	Pretérito	<i>andase</i>	<i>batese</i>	<i>partise</i>
	Futuro	<i>andar</i>	<i>bater</i>	<i>partir</i>
Imperativo	Presente	<i>anda</i> (ti)	<i>bate</i> (ti)	<i>parte</i> (ti)

- Alternancias vocálicas no radical en verbos da 2.ª conjugación, en que se produce a variación /e/-/ɛ/ (*beber*) ou /o/-/ɔ/ (*comer*).
- Alternancias vocálicas no radical en verbos da 3.ª conjugación, con variacións /i/-/e/-/ɛ/ (*ferir*), /i/-/e/ (*advertir*), /u/-/ɔ/ (*subir*).
- Modificacións no presente e no copretérito do indicativo e no presente do subxuntivo dos verbos acabados en *-aer*, *-oer*, *-aír*, *-oír* (*caer*, *roer*, *saír*, *oír*).
- Modificacións entre a 1.ª persoa do indicativo e todo o presente de subxuntivo (con vogal temática) e o resto da conjugación verbal (con amálgama da VT coa vogal do radical) nos verbos *creer*, *ler* e *rir*.
- Algúns verbos irregulares no tema de presente.

Verbo	Indicativo				Subxuntivo	Imperativo
	Presente	Copretérito	Futuro	Pospretérito	Presente	Presente
<i>dar</i>	<i>dou/dás</i>	<i>daba/dabas</i>	<i>darei/darás</i>	<i>daría/darías</i>	<i>dea/deas</i>	<i>dá/dade</i>
<i>ir</i>	<i>vou/vas</i>	<i>ía/ías</i>	<i>irei/irás</i>	<i>iría/irías</i>	<i>vaia/vaias</i>	<i>vai/ide</i>
<i>ter</i>	<i>teño/tes</i>	<i>tiña/tiñas</i>	<i>terei/terás</i>	<i>tería/terías</i>	<i>teña/teñas</i>	<i>ten/tende, tede</i>

- Algúns verbos irregulares no tema de pretérito.

Verbo	Indicativo		Subxuntivo	
	Pretérito	Antepretérito	Pretérito	Futuro
<i>dar</i>	<i>dei/deches</i>	<i>dera/deras</i>	<i>dese/deses</i>	<i>der/deres</i>
<i>ir</i>	<i>fun/fuches</i>	<i>fora/foras</i>	<i>fose/foses</i>	<i>for/fores</i>
<i>ter</i>	<i>tiven/tiveches</i>	<i>tivera/tiveras</i>	<i>tivese/tiveses</i>	<i>tiver/tiveres</i>

2. CLASIFICACIÓN DOS VERBOS DENDE O PUNTO DE VISTA SINTÁCTICO

O verbo é Núcleo dunha frase verbal en función de PREDICADO (PRED)

- **Verbo copulativo:** posúe un significado mínimo e serve de enlace entre o SUX e o ATRIB
- **Verbo predicativo** (achega un significado pleno e propio)
 - Verbo transitivo: rexe con CD
 - Verbo intransitivo: non pode levar CD
 - Verbo impersonal: conxúgase na 3.ª persoa e carece de SUX
- **Verbo pronominal:** esixe un pronome persoal átono.
- **Verbo auxiliar:** forma unha perífrase verbal cun verbo auxiliado predicativo ou copulativo.

VOCES

-**Voz activa:** o suxeito correspóndese co axente da acción verbal, o NÚCL é un verbo copulativo ou predicativo, en canto o CD fai referencia ao paciente desa acción (*Un científico descubriu a cura*).

-**Voz pasiva:** o suxeito pasa a ser o axente (constituíndo o C AX), o paciente (que era o CD realiza a acción e exerce a función de SUX, e o NÚC verbal fórmase con *ser* + participio (*A cura foi descuberta por un científico*).

-**Pasiva reflexa:** emprégase para ocultar o axente da acción verbal e presenta un verbo en voz activa, un pronome *se* e un SUX (*Descubriuse a vacina da malaria*).